



Era un que iba anda a muller de outro. E de ir anda a muller de outro, díxolle a muller ao marido. E dixo:

- Mira, fulano, o cura, o cura de tal quere vir dormir connigo.

E díxolle o home:

- Pois dille que veña.

E entonces, foi. El aghachouse no ropero e cando el quixo ir para a cama, foi el e zas! Saleu, desnudou o cura. Tiña dúas vacas paridas e meteuno na corte onda as vacas, onda os becerros e sacoulle as vacas, desnudo. E vai entonces, era nun sábado, acórdome ben que estaba eu alí (rin). Estaba eu alí. E entonces, agharra e..., estaban todos á mañán que era nun sábado, foi nun sábado, na noite do sábado, ou nacendo ao domingo. E entonces, todos estaban na porta da ighlesia, todos para ir a misa pero non había quen abrise a porta nin quen dixese misa.

E entonces, claro. Cheghou tarde, todo espenuxado, perdido. Perdido e rematado porque mamaron os becerros naquela cousa que ten, non sabes? que se ten. En vez de ser no teto da vaca era no teto del (ri).

E vai entonces, alí. Tiñan, que eran ricos, tiñan un criado. E entonces, bueno, que chegara o cura para decir a misa, todo con moita aquela. E chegharon e entonces prepararon. E entonces, foi cando dixo, dixo:

- Dominis ... – díxolle o cura.

E entonces díxolle o criado máis dalá de diante, de atrás.

- Chuscrruschús, señor cura.

E entonces contestoulle el, o cura. Díxolle así:

- Chuscrruschús, merda! Dille a teus amos se queren manter os becerros que compren herba.

Así que... (ri).

- Ti viches o cura?
- Bueno oh... vino entrar eu na ighlesia e todo. (Ri) “Chuscrruschús, merda! Dille a teus amos se queren manter os becerros que compren herba.” Claro... porque o encheron... sabe Dios cantos gholpes lle deron. (Ri)
- Que máis pasou?